

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día tres de setembro do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución do 16-08-2018), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental, D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de agosto de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación extraordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por catro votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde en funcións, Taibo Monelos, e das Sras. concelleiras Varela Corbelle e Iglesias Becerra, os cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 29 de agosto de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 21 de agosto de 2018, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública -Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local-, pola que se publican as contas anuais do Fondo Estatal de Inversión Local do exercicio 2017 e o informe de auditoría. BOE núm. 212 do 01-09-2018.
- Resolución do 21 de agosto de 2018, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública -Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local-, pola que se publican as contas anuais do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local do exercicio 2017 e o informe de auditoría. BOE núm. 212 do 01-09-2018.
- Orde do 13 de agosto de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral

Código do documento	Código do expediente
USG12I00S1	USG/2018/143
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3E23 5Q25 5J13 0P5V 0UHC	

das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2018-2019. DOG núm. 167 do 03-09-2018.

- Anuncio do 24 de agosto de 2018, do Consorcio As Mariñas, relativo á delegación da presidencia do Consorcio do 30 de agosto ao 7 de setembro de 2018. BOP núm. 165 do 30-08-2018.
- Resolución núm. 29270 do 30 de agosto de 2018, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes -Sección de Educación, Cultura e Deportes-, pola que se modifican as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018 (FO216/2018). BOP núm. 167 do 03-09-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde en funcións

(Asinado dixitalmente en esta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente en esta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H